DEPUTACIÓN DE LUGO

# SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE MARZO DE 2023

**(Acta número 03)**

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

Dª. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
Dª. Mª del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé Mª. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
Dª. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Roberto García Pernas
Dª. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
Dª. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
Dª. Ana Mª. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez
D. Xosé María Teixido Núñez

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de marzo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero; e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 1/100 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

***Intervencións:***

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=1

## PARTE RESOLUTIVA

### COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

**2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2023, VÍA TRANSFERENCIA E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

"A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

"Vistas a memoria e proposta de Presidencia para aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, (en adiante Plan Único), e informes do expediente así como o informe de Intervención sobre modificacións de crédito e demais documentación, é preciso adecuar os créditos previstos no orzamento aos necesarios para executar o Plan Único mediante transferencia de crédito e, así mesmo, suplementar as dotacións que resultan insuficientes, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo figuran nas memorias que acompañan os expedientes, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 2/100 |

**1º.-** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, mediante transferencia de crédito polo importe de 11.028.382,85€, co seguinte detalle:

| Aplicacións Orzamentarias | | Incremento | Diminución |
|---|---|---|---|
| 1330.76201 | Ordenac. do tráfico e estacionamento | 22.019,46 € | |
| 1350.46201 | Protección Civil | 16.951,04 € | |
| 1531.76201 | Acceso ós núcleos de poboación | 250.338,49 € | |
| 1532.76201 | Pavimentación de vías públicas | 1.508.395,44 € | |
| 1600.76201 | Rede de sumidoiros | 150.624,65 € | |
| 1610.76201 | Abastecementos | 783.721,37 € | |
| 1621.76201 | Recollida de lixo | 80.486,78 € | |
| 1623.76201 | Tratamento do lixo | 3.100,00 € | |
| 1630.76201 | Limpeza viaria | 8.330,89 € | |
| 1650.76201 | Alumeado público | 215.055,23 € | |
| 1710.76201 | Parques e xardíns | 121.271,11 € | |
| 1720.76201 | Protección e mellora do med. ambiente | 94.629,81 € | |
| 2314.46201 | Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social | 2.048.915,57 € | |
| 2315.76201 | Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social | 94.606,12 € | |
| 2410.46201 | Fomento do Emprego | 3.572.565,32 € | |
| 3340.46201 | Promoción cultural | 363.858,58 € | |
| 3340.76201 | Promoción cultural | 120.657,07 € | |
| 3360.76201 | Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico | 24.547,76 € | |
| 3410.46201 | Promoción e fomento do deporte | 181.649,32 € | |
| 3410.76201 | Promoción e fomento do deporte | 755.321,41 € | |
| 4190.46201 | Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca | 109.993,36 € | |
| 4320.46201 | Información e promoción turística | 179.703,90 € | |
| 4320.76201 | Información e promoción turística | 31.273,55 € | |
| 9200.46201 | Sociedade da Información | 177.358,98 € | |
| 9200.76201 | Servizos de carácter xeral | 73.018,64 € | |
| 9330.76201 | Patrimonio | 39.989,00 € | |
| 9420.46201 | Transferencias Correntes a Entidades Locais Territoriais, Plan Único | | 4.982.500,00 € |
| 9420.76201 | Transferencias de Capital a Entidades Locais Territoriais, Plan Único | | 6.045.882,85 € |
| | TOTAIS | 11.028.382,85 € | 11.028.382,85 € |
| | TOTAL AREA DE GASTO 1 | 3.254.924,27 € | |
| | TOTAL AREA DE GASTO 2 | 5.716.087,01 € | |
| | TOTAL AREA DE GASTO 3 | 1.446.034.14 € | |
| | TOTAL AREA DE GASTO 4 | 320.970,81 € | |
| | TOTAL AREA DE GASTO 9 | 290.366,62 € | 11.028.382,85 € |

**2º.-** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 10.471.606,77 € co seguinte detalle:





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 3/100 |

Suplemento de Crédito

| Aplicacións orzamentarias | | Importe |
|---|---|---|
| 1531.76201 | Acceso ós núcleos de poboación | 10.471.606,77 € |
| | TOTAL | 10.471.606,77 € |

**Financiamento:**

| Concepto Ingresos | Denominación | Importes |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais | 10.471.606,77 € |

**3º.-** Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas".

A Comision de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada, e propoñer ó Pleno a súa aprobación se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

***Intervencións:***

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=2

## COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO

## 3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN CON CONCELLOS 2023.


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 4/100 |

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, relativo ao Plan Provincial único de cooperación cos concellos 2023, que dispón o seguinte:

*"Primeiro. O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2022, acordou prestar aprobación ás bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

*Segundo.- No BOP nº 06, de data 09 de xaneiro de 2023, publicáronse as ditas bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, nas que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de un (1) mes a partires do día seguinte á publicación destas no BOP.*

*Terceiro.- Todos os concellos presentaron as súas propostas en prazo, requiríndolles aclaracións ou documentación de engádega a aqueles que ou non estaba completa ou se necesitaba de algunha aclaración ou ben corrección de erro. Trámites que se desenvolveron ponderando especialmente os principios marcados polo artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, nas relacións entre as administracións públicas, así como os deberes de colaboración do artigo 141 LRXSP.*

*Cuarto.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, unha vez recibidas as solicitudes dos Concellos, pasouse ao estudo e análise destas, para a súa comprobación, dando traslado das solicitudes e demais documentación aos distintos servizos ou áreas encargadas da xestión segundo o programa de que se trate, a fin de que emitan informe relativo ao cumprimento do estipulado nas bases.*

- *Programa de axuda no fogar: área de benestar*
- *Programa de Reforzo do Emprego: área de emprego*
- *Programa de actividades culturais: área de cultura*
- *Programa de actividades deportivas: área de deportes*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 5/100 |

- *Programa de administración electrónica e protección de datos: servizo de novas tecnoloxías*
- *Programa de actuacións/eventos turísticos: área de turismo*
- *Programas de Protección civil e de Feiras, mercados e análogos  Servizo de Contratación e Fomento: Sección de Fomento.*

*Quinto.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, comprobouse o cumprimento da determinación especificada na base 5, relativa a que a suma dos importes destinados aos programas B4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos) non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único, tal como establecen as bases.*

*Sexto.-  En data 06/03/2023 emítese informe pola área de Benestar Social, con CSV: IV7BEQPLOF6L7RF35XUEIEBGEA, en relación cos programas de axuda no fogar SAF incluído no plan único 2023, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta "(...) A criterio de quen subscribe todos os concellos relacionados cumprirían en relación ao Programa de Axuda no Fogar B.2. o establecido nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, en relación ao financiamento inicialmente previsto".*

*Sétimo.- En data 06/03/2022, emítese informe da área de promoción económica e social, con CSV: IV7B3TLZAAZ4TONN4RUMJ43CHY, incorporado ao expediente, en relación co programa de Reforzo do emprego, do plan único 2023, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, e no que entre outros manifesta, "(...).a  xuízo da que informa tódolos concellos compren cas obrigas requiridas no momento da solicitude no referido o B3 Programa de Reforzo do Emprego 2023. (...)".*

*Oitavo.- En data 01/03/2023, emítese informe da Sección de Fomento, do servizo de contratación e fomento, con CSV: IV7B2LY3BVPZWSN2CRNVGJAX4U en relación coas actividades incorporadas ao abeiro do programa feiras, mercados e outros e do programa de*


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 6/100 |

*protección civil, do plan único 2023, no que analizan as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta, "(...) tendo en conta a documentación que obra na Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tódolos Concellos cumpren co establecido nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, no relativo á solicitude de achegas para o Programa de Celebración de Feiras, Mercados e outros (B.7) e para o Programa de Protección Civil (B.9)".*

*Noveno.- En data 22/02/2023, emítese informe do Servizo de Turismo con CSV: IV7B2TKC3ZRDVL6LZRHSFYYTIY, en relación as actividades do programa de actuacións/eventos turísticos, do Plan único, no que entre outros constan as actuacións/eventos ou actividades que os concellos solicitaron, así como o importe total do seu financiamento e as cantidades que se destinan aos mesmos, tanto da achega da Deputación Provincial a través do Plan único 2023, como a contía das aportacións que voluntariamente achegan os Concellos ou a través doutras fontes de financiamento, e no que entre outros particulares manifesta "...As actividades para as que se solicita achega provincial compren co establecido nas bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, e en concreto coa Base 2. B.6 Celebración de actuacións/eventos turísticos, e a base 5.3.2 Documentación específica segundo os distintos obxectivos programas, resto de programas"*

*Décimo.- En data 20/02/2023, emítese informe do Servizo de cultura, con CSV: IV7BYK7MDJFSZXBJ44OS55JSAY incorporado ao expediente, en relación coas actividades do programa actividades culturais, do Plan único, no que entre outros extremos constan as actividades que os concellos solicitaron, así como o importe total do seu financiamento e as cantidades que se aplican desde a Deputación Provincial a través do Plan único 2023, así como os importes das aportacións que voluntariamente aportan os Concellos ou a través doutras fontes de financiamento, e no que entre outros consta "... cos datos que obran nesta unidade e a xuízo da informante, tódolos concellos compren coas obrigas esixidas para o "Programa de actividades culturais" e o estipulado nas bases reguladoras..."*

*Décimo Primeiro.- En data 02/03/2023, emítese informe do servizo de deportes, con CSV: IV7B2L3DJ47MV2HZ4EN4I4QAIU, en relación coas actividades incluídas ao abeiro do programa de actividades deportivas, do Plan único 2023, indicando "(...) Á vista da referida documentación*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 7/100 |

*e en todo caso, -tendo en conta as circunstancias indicadas nos puntos anteriores relativas as accións e gastos formulados polos distintos concellos, - e de acordo co reflectido na base 5 que indica que en ningún caso poderán financiarse con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023, gastos correntes para finalidades distintas das previstas nas súas Bases reguladoras-, considérase que as solicitudes dos concellos relacionados no presente informe cumprirían cos requisitos relativos a actividades deportivas estipulados no Plan Provincial Único, correspondentes ao desenvolvemento dun programa de actividades deportivas".*

*Décimo Segundo.- En data 17/02/2023, emítese informe do Servizo de Comunicación e TICs, con CSV: IV7BYK3K3QHJ3HFDQBUWIZPRGQ en relación co programa de Administración electrónica e protección de datos, incluído no Plan único 2023, no que se sinala " ...cabe informar que se desprende das mesmas que ditos concellos, cumpren todos eles cos requisitos establecidos na base 13. "Programa de Administración electrónica e protección de datos", e na base 13.3. "Custos obxecto de financiación", do citado Plan...".*

*Décimo Terceiro.- En canto ao programa de investimentos, encargouse a Unidade de Obras e Plans da súa comprobación e xestión. Comprobouse que todos os Concellos destinaron a investimentos como mínimo o 50% do total asignado neste Plan único. De igual xeito comprobouse que, como mínimo o 60% do importe obrigatorio para investimentos, se destina arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais, de acordo co establecido nas bases.*

*Ademais, todos os concellos destinaron, dos seus recursos, o importe determinado como contía mínima consonte co establecido nas bases, que se correspondía coa mesma aportación que fixeron ao POS na anualidade 2016.*

*Igualmente constátase que o Concello de Lugo destina o total da achega a investimentos como así o establece a disposición adicional primeira das bases deste plan único 2023.*

*Décimo Cuarto.- Pola Unidade de Obras e Plans do Servicio de Contratación e Fomento, á vista das propostas recibidas dos Concellos e dos informes das áreas xestoras dos distintos programas do Plan único, procedeuse á elaboración de dito plan único resultante estruturado*

*segundo os distintos obxectos e programas solicitados, tal como se establece nas bases, do cal se anexa copia, ao igual que da memoria do sinalado Plan Único 2023.*

*Décimo Quinto.- No presente informe indícanse que se cumpre os mínimos esixidos en canto a investimentos e SAF, así como o estipulado como teito de gasto para os programas b4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos), que non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único, tal como establecían as súas bases.*

*Doutra banda, na tramitación do plan deuse participación aos concellos, consonte ao previsto no artigo 32.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRL, indicando estes que consultaron, e indican se os investimentos propostos figuran ou non como déficit na enquisa de infraestruturas e equipamentos locais.*

*Co Plan Único 2023, materializase un instrumento preponderante de cooperación cos municipios, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL).*

*Décimo Sexto.- En base ao disposto na Disposición adicional terceira das bases deste plan, "a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan único, para comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial", tanto para a tramitación de anticipos como para o aboamento dos importes resultantes da presentación das contas xustificativas.*

*Décimo Sétimo.- Incorporase ao expediente memoria do Plan único 2023, asinada pola Presidencia.*

*Décimo Oitavo.- Así mesmo detectado erro na base 15.1 das bases aprobadas polo Pleno en sesión de data 27/12/2022 e publicadas no BOP nº 6 de data 09/01/2023, relativa a data límite para presentar a xustificación dos investimentos financiados con cargo a remanentes, establecendo como data límite o 15/11/2024 e non o 31/10/2024 como figura na indicada base, coincidindo coa*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 9/100 |

*data límite para presentar a xustificación dos investimentos inicialmente incluídos, procede aclaración ao efecto e corrixir a data para que a xustificación dos investimentos financiados como remanentes teñan a mesma data de presentación da conta xustificativa que os inicialmente incluídos, e dicir o 15-11-2024.*

*Visto o antedito, cos datos e informes obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, cumprense os requisitos establecidos nas bases do Plan único de cooperación cos concellos 2023, polo que se informa favorablemente:*

*1.- A aprobación do Plan único de Cooperación cos concellos 2023, con CSV: IV7BEMK5IBPZ56V3Y57QGXSAGU de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.*

| *Programa* | *Achega Deputación (A)* | *Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|
| *1.- Investimentos* | *14.848.993,55€* | *1.419.525,55€* | *16.268.519,10 €* |
| *2.- Axuda no fogar –SAF* | *2.048.915,57€* | *1.342.423,79€* | *3.391.339,36 €* |
| *3.- Reforzo do Emprego* | *3.572.565,32€* | *134.067,67€* | *3.706.632,99 €* |
| *4.- Actividades Culturais* | *363.858,58€* | *28.193,89€* | *392.052,47 €* |
| *5.- Actividades deportivas* | *181.649,32€* | *9.700,00€* | *191.349,32 €* |
| *6.- Actuacións/Eventos turísticos* | *125.133,63€* | *23.528,37€* | *148.662,00 €* |
| *7.- Feiras, mercados e outros* | *164.563,63€* | *34.233,75€* | *198.797,38 €* |
| *8.- Administración electrónica e protección de datos* | *177.358,98€* | *50.000,00€* | *227.358,98 €* |
| *9.- Protección civil* | *16.951,04€* | *0,00€* | *16.951,04 €* |
| *TOTAIS* | *21.499.989,62 €* | *3.041.673,02 €* | *24.541.662,64 €* |

*2.- Determinar que non se tramitarán anticipos ao abeiro do Plan único 2023 ata que a modificación orzamentaria no orzamento de 2023, necesaria para o financiamento do plan, sexa efectiva.*

*3.- Que se proceda a aclarar /corrixir o indicado na base 15.1 das bases aprobadas polo Pleno en sesión de data 27/12/2022 e publicadas no BOP nº 6 de data 09/01/2023, relativa a data límite para presentar a xustificación dos investimentos financiados con cargo a remanentes,*


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 10/100 |

*establecendo como data límite o 15/11/2024 e non o 31/10/2024 como figura na indicada base, coincidindo coa data límite para presentar a xustificación dos investimentos inicialmente incluídos.*

*4.- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan, debendo respectar as bases e esta aprobación en canto á súa execución e xustificación.*

*E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a calquera outro mellor criterio fundado en dereito"*

Visto o anterior, por esta Presidencia proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o Plan único de Cooperación cos concellos 2023, con CSV: IV7BEMK5IBPZ56V3Y57QGXSAGU [1], de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, adxunto como anexo I, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

| Programa | Achega Deputación (A) | Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B) | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1.- Investimentos | 14.848.993,55€ | 1.419.525,55€ | 16.268.519,10 € |
| 2.- Axuda no fogar –SAF | 2.048.915,57€ | 1.342.423,79€ | 3.391.339,36 € |
| 3.- Reforzo do Emprego | 3.572.565,32€ | 134.067,67€ | 3.706.632,99 € |
| 4.- Actividades Culturais | 363.858,58€ | 28.193,89€ | 392.052,47 € |
| 5.- Actividades deportivas | 181.649,32€ | 9.700,00€ | 191.349,32 € |
| 6.- Actuacións/Eventos turísticos | 125.133,63€ | 23.528,37€ | 148.662,00 € |
| 7.- Feiras, mercados e outros | 164.563,63€ | 34.233,75€ | 198.797,38 € |
| 8.- Administración electrónica e protección de datos | 177.358,98€ | 50.000,00€ | 227.358,98 € |
| 9.- Protección civil | 16.951,04€ | 0,00€ | 16.951,04 € |
| TOTAIS | 21.499.989,62 € | 3.041.673,02 € | 24.541.662,64 € |

**2º.-** Aclarar /corrixir o indicado na base 15.1 das bases aprobadas polo Pleno en sesión de data 27/12/2022 e publicadas no BOP nº 6 de data 09/01/2023, relativa a data límite para presentar a xustificación dos investimentos financiados con cargo a remanentes, establecendo como data



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 11/100 |

límite o 15/11/2024 e non o 31/10/2024 como figura na indicada base, coincidindo coa data límite para presentar a xustificación dos investimentos inicialmente incluídos.

**3º.-** Determinar que a aprobación de anticipos inherentes ao Plan único quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2023, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, non tramitándose anticipos ata que dita modificación sexa efectiva.

**4º.-** Comunicar aos Concellos a aprobación do Plan Único 2023.

**5º.-** Publicar a aprobación do Plan e a aclaración da base 15.1 no Boletín Oficial da Provincia".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

***Intervencións:***

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=3

**4.- SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE CERVANTES, PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE E CENTRO DE DÍA) NO MUNICIPIO DE CERVANTES.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, que textualmente di o seguinte:


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 12/100 |

"O 24.04.2019 o Concello de A Cervantes presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo (nº de rexistro 2019RT001750), no cal solicitaba  o establecemento dun convenio, interadministrativo de cooperación,entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Dia), no Concello Cervantes.

O 20.05.2019 formalizouse entre as partes o Convenio, interadministrativo de cooperación, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Dia), no Concello Cervantes.

Posteriormente, e debido a razóns técnicas, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 30.12.2020 da Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima, ata o máximo do prazo legalmente establecido pola limitación temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que "a non modificación do convenio implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perdida da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Cervantes, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais".

Xunto co informe da Área de Promoción Económica e Social co CSV IV7BFQCJPFB3QSWCTVVC6NR7KU, acompañábase no expediente co núm. 2023/XEN_01/000657 o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 13/100 |

e centro de Dia), no Concello Cervantes, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2019,(e cuxa modificación foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020) na cal recóllese as modificacións das cláusulas terceira, sexta e sétima.

Tendo en conta o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Dia), no Concello Cervantes, aprobado na sesión da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2019 (e cuxa modificación foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020) que se propón, así como, o informe do Servizo de Intervención e o informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Proponse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto da 2ª Addenda do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de Dia), no Concello Cervantes aprobado na sesión da Xunta de Goberno realizada o 15 de maio de 2019. (e cuxa modificación foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020) que se recolle a continuación:

"*2ª Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (Residencia de Terceira Idade e Centro de Día) no municipio de Cervantes*

*[Aprobado na sesión da Xunta de Goberno de data 15 de maio de 2019]*
*[Addenda aprobada na sesión da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020]*
*[2º Addenda aprobada na sesión do Pleno de data de 28 de marzo de 2023]*


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 14/100 |

*En Lugo, a de de 2023*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*E doutra don Benigno Gómez Tadín con DNI nº 33.824.455-B, Alcalde-Presidente do Concello de Cervantes, que actúa en nome e representación do Concello de Cervantes, con CIF P-2701200D, con sede na Rua Deputación s/n, San Román, Concello de Cervantes, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.*

*Actuando don Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias, de acordo coa normativa de aplicación.*

*Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación, mediante acordo de data 15 de maio de 2019 aprobou o texto do convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes*

*SEGUNDO.- As partes asinaron dito convenio na data de 20 de maio de 2019 para o financiamento e construción do Centro de Atención a Persoas Maiores de Cervantes, vixente na actualidade.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 15/100 |

*TERCEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 25.09.2020, acordou dar a aprobación á modificación das cláusulas terceira, cuarta, décimo primeira e décimo segunda do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.*

*A citada addenda foi formalizada o 30.12.2020 entre as partes, en concreto a Addenda ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes para a execución dos fins comúns consistentes na construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia da terceira idade e centro de día), no Concello Cervantes, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 15 de maio de 2019.*

*CUARTO.- O 15.03.2023 informouse por parte do servizo de Benestar Social e Igualdade da procedencia de modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima do citado Convenio.*

*Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente Addenda de modificación con suxeición ás seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- As partes acordan modificar as cláusulas terceira, sexta e sétima do convenio, que quedarán redactadas como segue:*

*“(...)*

*TERCEIRA.- Obrigas e compromisos das partes.*

*3.1. Deputación Provincial de Lugo*


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 16/100 |

*En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:*

*Efectuar o financiamento previsto na cláusula "cuarta".*

*Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do centro residencial.*

*Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento ,agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do centro residencial.*

*Actuar como órgano de contratación e tramitar a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción e liquidación do contrato para construír o centro residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro , de contratos do Sector Público e restante normativa de aplicación.*

*Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.*

*Licitar, rematar e recibir as obras do centro de atención a persoas maiores, que se executarán preferentemente nunha parcela da localidade de San Román, capital do Concello, que cumpra coas condicións e requisitos establecidos no proxecto e no estudo xeotecnico. Parcela que deberá achegar o Concello.*

*Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).*

*Convidar á representación institucional do Concello de Cervantes aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.*

*Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.*

*Comunicar o acordo polo que se aproba este convenio ao Concello de Cervantes.*

*A Titularidade do Centro residencial será da Deputación de Lugo*

*(...)*

*SEXTA.- Duración do convenio interadministrativo.*




| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 17/100 |

*A vixencia do presente convenio é de 8 anos a contar dende a súa formalización, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ."*

*SÉTIMA.- Modificación.*

*A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 8 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.*

*A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".*

*SEGUNDA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta Addenda de modificación, permanecerán invariables. Acordando ambas partes, incorporar ao convenio interadministrativo subscrito con data 20 de maio de 2019, e modificado pola Addenda formalizada o 30.12.2020, esta 2ª Addenda de Modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado a presente addenda no lugar e data expresados no encabezado".*

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

***Intervencións:***

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=4

**5.- SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 18/100 |

**DE OUROL, PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, que textualmente di o seguinte:

"O 14.05.2019 o Concello de Ourol presentou un escrito no Rexistro Xeral Telemático da Deputación de Lugo (nº de rexistro 2019/RT002252), no que solicitaba o establecemento dun convenio interadministrativo de cooperación, en concreto, para establecer unha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta entre o Concello de Ourol e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os seus respectivos títulos competenciais para lograr o fin común da construción dun complexo residencial para persoas maiores no Concello de Ourol, así como, a necesaria adquisición dos terreos para levar a cabo o citado fin común. A foi complementada o 23.05.2019, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral Telemático da Deputación de Lugo (2019RT002252).

O 05.06.2019 formalizouse entre as partes o Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia e Centro de Día) no municipio de Ourol.

Posteriormente, e debido a razóns técnicas, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 12.11.2020 da Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol.

Dende a Área de Promoción Económica e Social, vista a certificación do Pleno do Concello onde se acorda aprobar o cambio da parcela destinada á construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia e Centro de Día) no municipio de Ourol e solicitar unha




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 19/100 |

addenda ao Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores (Residencia e Centro de Día) no municipio de Ourol para cumprir coas obrigas recollidas no dito convenio, informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas primeira, terceira, cuarta, sexta e sétima, salientando que a modificación proposta non altera as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. No citado informe recóllese expresamente que "a non modificación do convenio implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perdida da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Cervantes, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

No último medio ano, a Consellería de Sanidade ten ignorado as protestas das familias, das asociacións profesionais e dos sindicatos médicos, ó tempo que non tomaba medida algunha para remediar as eivas da atención pediátrica. Hai apenas 15 días, o sindicato médico O'Mega denunciaba que 11.000 nenos e nenas galegas carecen de pediatra asignado.

A enormidade da cifra enténdese ben se a trasladamos a outros ámbitos. Podería haber 11.000 enfermos de cancro sen oncólogo/a? Ou 11.000 mulleres sen xinecólogo/a? A infancia non é unha patoloxía; é unha longa etapa de desenvolvemento, con doenzas e procesos moi concretos que precisan a atención dun ou dunha especialista. Segundo os datos do O'Mega, das 343 prazas de pediatras en centros de saúde cas que conta o Sistema Galego de Saúde, 16 están sen cubrir, e 45


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 82/100 |

están a ser ocupadas por médicos sen especialización en pediatría. Dito doutro xeito, o 17,7% das prazas de pediatría dos centros de saúde non están adecuadamente cubertas.

No caso de Lugo, segundo os datos de O'Mega, as prazas de pediatría non cubertas en centros de saúde serían 2, e as desempeñadas por médicos sen especialización, 11. Segundo datos oficiais do IGE, Lugo conta cunha plantilla de 35 pediatras, pero, na situación actual, un terzo desas prazas non estarían cubertas por especialistas en pediatría.

O Sergas, ocupado en aclarar as relacións familiares entre a súa xerente e o director xerente da Asociación de Hospitais de Galicia, saíu o paso dicindo que en Galicia o 90% dos nenos e nenas teñen garantida a atención pediátrica por especialistas. Ao marxe de que esa cifra non pareza un obxectivo para sacar peito, tampouco é certa. Próbano os datos do O'Mega, e tamén a contradín os datos da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria, que din que un 14% das prazas están cubertas por médicos/as que non contan con esa actualización. Unha porcentaxe que medrou dous puntos no último ano e que corre o risco de medrar máis polas xubilacións de pediatras que afronta o Servizo Galego de Saúde.

Dende a Deputación de Lugo iniciamos esta lexislatura presentando mocións para reclamar á Xunta melloras na atención sanitaria, nomeadamente no que fai á pediatría e a atención primaria. Por desgracia, catro anos despois, rematamos tendo que dar voz ás queixas dos e das profesionais e das/os cidadáns que ven como os problemas que xa eran graves antes da pandemia, empeoraron logo da mesma, sen que a Xunta teña feito nada, nin para poñerlles remedio nin para escoitar as reivindicacións populares ou os consellos das asociacións profesionais.

Por todo isto, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:

- Que garanta a atención pediátrica con especialista ó 100% dos nenos e nenas da provincia de Lugo.




| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 83/100 |

- Que remate ca política de recortes de persoal e adopte as medidas necesarias para repoñer ca maior brevidade posible os cadros de persoal nos servizos de pediatría, tendo en conta a necesidade de cubrir baixas, vacacións e xubilacións
- Que atenda as recomendacións das organizacións profesionais á hora de deseñar o modelo de atención de urxencias pediátricas, para evitar que a falla de atención nos Centros de Saúde se traduza logo no colapso dos Centros Hospitalarios"

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=14**

**15.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA QUE INCREMENTE O COMPLEMENTO AUTONÓMICO DAS PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS NA MESMA PORCENTAXE QUE O GOBERNO**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para esixir á Xunta que incremente o comlemento autonómico das pensións non contributivas na mesma porcentaxe que o Goberno.

Dentro da campaña permanente de autobombo e publicidade na que vive instalada a Xunta de Galicia, o presidente Alfonso Rueda anunciaba o pasado día 9 o incremento dun 6% no complemento autonómico que a Xunta aporta ás pensións non contributivas. Unhas prestacións que perciben 37.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, algo máis de 4.400 na provincia de Lugo.


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 84/100 |

Costa entender de que presume exactamente o señor presidente. O incremento do 6% é sensiblemente inferior do 15% acordado polo Goberno de España para as pensións no contributivas. Tendo en conta o incremento anunciado polo señor Rueda, a paga de 218 euros que a Xunta dará ós pensionistas rexistra unha suba real de aproximadamente 13€. E se dividimos 13€ entre as catorce pagas das pensións, a suba mensual da que tanto presume a Xunta é de 0,92€ máis ó mes. Unha cantidade que exemplifica ben o grao de preocupación dos gobernos do PP polos nosos/as pensionistas.

O complemento autonómico para as pensións non contributivas foi creado no ano 2008 polo Goberno progresista do presidente Touriño, que daquela estableceu unha paga única de 200€. Hoxe, quince anos despois, a maioría deles baixo gobernos do PP, a paga é de 218€. E dicir, que nos 12 anos de goberno dos populares, o incremento total ten sido de 18 euros ó ano. Ou sexa, un incremento total dun 9% nun período de 12 anos, que da un incremento de apenas un 0,75% cada ano.

Dende o inicio da actual crise derivada do impacto da pandemia e da invasión rusa de Ucraína, o Goberno de España leva adoptando medidas para consolidar un escudo social que protexa ás persoas de maior risco. Entre elas, sen dúbida, se atopan os nosos/as maiores, que comproban como en cada sesión parlamentaria na que se debate un incremento das súas pensións, o PP vota en contra. Un Partido Popular que baleirou a caixa das pensións ca súa mala xestión no Goberno, e que introducira un factor de sostibilidade que, dende o 2013, provocou a perda de poder adquisitivo das pensións.

Ca suba das pensións do 8,5% de media aprobada polo Goberno, un pensionista lucense percibe de media uns 77€ máis ó mes. Unha subida que tardaría 34 anos en terse producido se as pensións seguisen aumentando ó ritmo miserento do 0,25% que aplicaba o Partido Popular.

Ante este exemplo de falla de preocupación polos nosos maiores o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia




| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 85/100 |

Que incremente o complemento autonómico para as pensións non contributivas polo menos na mesma porcentaxe do 15% que o Goberno ten decretado como suba para estas prestacións no conxunto do Estado".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=15**

## 16.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA QUE DOTE SUFICIENTEMENTE AS AXUDAS RELACIONADAS COS ATAQUES DO LOBO ÁS GANDERÍAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

"O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para demandar á Xunta de Galiza que dote suficientemente as axudas relacionadas cos ataques do lobo ás ganderías

*Exposición de Motivos:*

O Goberno da Xunta de Galiza queda soa como a única comunidade autónoma ao norte do río Douro que finalmente non corrobora a Estratexia para a Conservación e a Xestión do lobo e a súa convivencia coas actividades do Medio Rural, aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de Xullo de 2022.


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 86/100 |

Foron varias as comunidades autónomas que protestaron e recorreron esta inclusión e protección pero só Galiza e Madrid escusaron adherirse á Estratexia do Lobo perdendo así Galiza este ano os 4,3 millóns de euros que lle correspondían e aos que tiña lexítimo dereito para establecer as bases de axudas ás ganderías afectadas, tanto de vacún, ovino, cabrún, cabalar, equino e porcino.

Esta negativa, fixo que xunto coa Comunidade Autónoma de Madrid, sexan as únicas rexións que non recibirán fondos do Miteco para a adopción de medidas para a protección do gando e para as indemnizacións polos danos infrinxidos polo lobo ás ganderías. Galiza tiña dereito a recibir 4 millóns trescentos mil euros, e a Comunidade de Madrid a uns 350.000 euros.

Porén, comunidades afectadas como Castela e León ou Cantabria ratificaron a estratexia do lobo o pasado 10 de decembro de 2022, indicando que isto non impedía seguir con recursos e posicionamentos en contra, pero permite poder beneficiarse do reparto orzamentario para as medidas de prevención e indemnización por danos do lobo ao gando.

Esta cantidade á que renuncia, duplica os 1,75 millóns de euros orzamentados para este mesmo fin en 2023 pola Xunta, o que resulta a todas luces intolerable. De feito, no período 2016-2021 (6 anos) os fondos destinados pola Xunta para o mesmo fin foron de menos de 3,7 millóns de euros.

Favorecer a gandaría extensiva nos nosos montes e manter a existencia do lobo pasa por recuperar, formar e facer rendible o oficio de pastor. O equilibrio medioambiental, a xestión do territorio e a loita en contra do lume ben merecen ese esforzo.

No tocante ó gando vacún e cabalar en réxime extensivo ou semiextensivo queda case todo fóra porque aínda que os ataques son moitos e fan que unha boa porcentaxe dos poldros non aparezan no tempo dos curros, ao non aparecer despoxos nin notificacións en tempo a Consellería lava as mans.

As ordes de axudas paliativas deste ano reiteran os erros de anos anteriores: os prezos de valoración das indemnizacións seguen a ser os de 2.016 a pesar dos incrementos do IPC. Aspectos




| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 87/100 |

como a consideración do lucro cesante nas indemnizacións, ou a imposibilidade de vixiar as greas do gando cabalar (a intervalos de 72 horas) que están en semi-liberdade e a estimación e valorización condicionados á aparición de restos seguen sen ser consideradas nas bases das axudas a día de hoxe.

En canto á orde de axudas para medidas preventivas, os importes de axuda á construción de peches fixos non chega a cubrir o 25% do custe real das instalacións e no caso do mantemento de mastíns non cubre o 50% do mesmo. A obrigatoriedade da compra dos cans de menos de 4 meses e cun mes de tempo posterior á resolución dos expedientes, son algúns dos aspectos que deben ser mellorados na aplicación do plan de xestión do lobo para mellorar a necesaria convivencia e coexistencia coa actividade humana e gandeira.

Porque se a sociedade en xeral reclama e concorda coa existencia e conservación do lobo, esta protección non pode ser soportada unicamente polas gandeiras e gandeiros e as características e desenvolvemento das ordes de axudas non preveñen nin palian o problema, e as gandeiras e gandeiros seguen a levar a peor parte.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza a incrementar a cantidade destinada a estas ordes de axudas, cando menos con 4,3 millóns de euros a maiores de fondos propios tras a renuncia aos fondos do Ministerio de Transición Ecolóxica.

**2º.-** Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza a que elabore un anexo á Orde de axudas á Prevención de danos no que se modifique:

a) A condición de que os cans de protección (mastíns) teñan que ter menos de 4 meses e pasen a poder ter un ano e poidan ser adquiridos antes da publicación da orde.
b) Que se faga unha actualización automática de prezos na renovación anual da orde de axudas.


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 88/100 |

c) Que se estableza un novo apartado de axudas para os/as asesores/as técnicos/as en medidas de prevención fronte ao ataque de grandes depredadores.

**3º.-** Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza a que elabore un anexo á Orde de axudas para paliar os danos nos que se estableza un criterio de estimación e valorización, para poldros e bestas, vacas e becerros cuxos en réxime extensivo ou semiextensivo vítimas dos ataques de lobo, que respondendo á realidade non precise da presenza e identificación de restos.

**4º.-** Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza a que amplíe razoablemente o prazo de xustificación das axudas dende que se comunica a aprobación da axuda ata que se presenta a conta xustificativa co gasto".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=16**

**17.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DA RETIRADA DO POEM.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda da retirada do POEM

*Exposicion de Motivos:*

O BOE vén de publicar o pasado 4 de marzo os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, aprobado o 28 de febreiro, co que se pretende instalar no noso país o 43% da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumarse, suporá a perda de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 89/100 |

miles de postos de traballo nun sector clave da nosa economía como é a pesca, no que sería o maior ataque histórico á pesca e os ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, e o 2% do PIB galego (o 4,8% se atendemos a todo o sector do mar).

O Plan de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) supón a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética de Madrid.

O BNG vén defendendo desde hai tempo que non é aceptábel prever parques eólicos na nosa costa polas características da plataforma galega, unha plataforma moi estreita que provoca que os proxectos se sitúen a tan só 20-25 quilómetros, en espazos de alta sensibilidade ambiental e de alta produtividade pesqueira.

O Goberno do Estado, na súa defensa dos intereses das grandes empresas eléctricas e enerxéticas, desatendeu todas as alegacións achegadas polo BNG, asociacións ecoloxistas ou as propias confrarías que defendían os intereses da frota pesqueira do noso país.

Compre lembrar que o 3 de maio de 2022 o Parlamento europeo aprobou unha resolución que determinaba que os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos mariñeiros deberán estar libres de enerxía eólica mariña, resolución que contradí o POEM recentemente aprobado polo goberno español, xa que afecta a moitos dos nosos caladoiros tradicionais.

Tamén o Parlamento galego, coa unanimidade de todos os grupos políticos da cámara, aprobou en 2009 que Galiza ficase libre de eólica mariña, polo seu impacto negativo na pesca.

A nosa obriga é defender a pesca, un sector do que viven, directa ou indirectamente, moitos dos nosos veciños e veciñas, e non podemos permitir que o *lobby* eléctrico faga caixa cos nosos recursos naturais deixando sen medio de vida á xente do mar. A eólica mariña e a defensa do sector pesqueiro non son compatíbeis, como se acreditou en Viana do Castelo, no veciño Portugal, onde os mariñeiros denuncian que a zona quedou, literalmente, sen peixe, ou co replantexamento que Noruega está a facer da eólica mariña pola grande afectación que está a ter sobre a súa pesca.


| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 90/100 |

Diante dunha agresión sen precedentes á nosa pesca, lamentabelmente a Xunta de Galiza, en vez de encabezar a defensa do noso sector pesqueiro, está a poñerse de perfil, cun silencio cómplice.

No BNG insistimos na necesidade de implantar enerxías renovábeis e transitar a unha economía libre de carbono, pero este tránsito non se pode facer a costa de arrasar con todo: co monte, coas serras e agora co mar do que viven milleiros de persoas e de familias neste país. O *lobby* eléctrico, co apoio dos gobernos español e galego, pretende espoliar o noso territorio e os nosos mares, e non podemos consentilo. Temos o país cheo de encoros, 4.000 muíños de vento nos nosos montes e están proxectados moitos máis. E agora dísenos que Galiza ten que soportar case a metade de todos os aeroxeneradores da eólica mariña do Estado. Basta xa de que o noso país, o noso monte a agora o noso mar, teña que pagar todos os custes ambientais, económicos e sociais de producir enerxía.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Instar ao goberno español:

- Á retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.
- A declarar a costa galega zona excluída de eólica mariña para garantir o futuro do sector pesqueiro.
- A preservar o sector pesqueiro e o futuro de miles de familias que viven do mar.

**2º.-** Instar ao Parlamento galego a que retorne ao consenso unánime de 2009, para deixar Galiza libre de eólica mariña porque esa petición sigue sendo igual de válida que antes.

**3º.-** Instar á Xunta de Galiza a que defenda por todos os medios ao seu alcance ao sector pesqueiro galego, loitando para que Galiza estea libre de eólica mariña




| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 91/100 |

**4º.-** Trasladar este acordo aos grupos do Parlamento galego e do Congreso, así como á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Transición Ecolóxica".

Ante esta moción, polo Grupo Provincial do Partido Popular presentase unha emenda de substitución, que di o seguinte:

"O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír o texto da proposta de acordos formulada polo texto acordado pola "Plataforma en Defensa de la Pesca y de los Ecosistemas Marinos" de xeito que este quede da seguinte forma:

1. Instar ao goberno provincial a que a Deputación Provincial de Lugo se una ao rexeitamento dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo.
2. Instar ao goberno provincial a que a Deputación Provincial de Lugo reclame a dimisión da ministra Teresa Ribera.
3. Dar traslado deste acordo ao Ministerio Transición Ecológica y Reto Demográfico".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=17**

**18.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA AO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

"Óscar Poy Franco, na súa calidade de viceportavoz segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa ao Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

*Exposición de Motivos:*

No ano 2011 a posta en marcha do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, participado en iguais condicións pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial, supuxo un avance significativo para o reforzo da cobertura contraincendios na nosa provincia.

Desde entón máis dun cento de profesionais das emerxencias, perfectamente formados e cualificados, están preparados para facer fronte ás distintas situacións nas que se poden atopar no desenvolvemento do seu traballo, en particular, desde os seis parques de bombeiros lucenses que na actualidade están operativos (Barreiros, Chantada, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba e Viveiro).

O Grupo Provincial do Partido Popular, a través desta iniciativa, quere facerse eco dunha demanda do cadro de persoal dos parques de bombeiros en relación coa mellora das súas condición laborais e, en particular, sobre a negociación do Convenio colectivo e o desenvolvemento da Relación de Postos de Traballo (RPT) entre outras.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial de Lugo insta ao Presidente da Deputación de Lugo, na súa calidade de titular da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, a que convoque unha sesión do Pleno do Consorcio para:

1.- Impulsar a aprobación dun novo convenio colectivo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 93/100 |

2.- Estado de recoñecemento de fixeza.

3.- Equiparación cos bombeiros comarcais de Ourense pola perda de poder adquisitivo dos bombeiros de Lugo dada a inflación

4.- Constituír na primeira quincena do mes de abril a mesa de negociación para a valoración de postos da RPT onde se inclúan todas as características do posto, así como o compromiso de aumentar as partidas orzamentarias do Consorcio para levala acabo se fose necesario.

5.- Incorporar á negociación cantas iniciativas consideren oportunas valorar, a instancia dos representantes dos traballadores, que contribúan ás melloras das condicións de traballo dos integrantes do cadro de persoal do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento".

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Neste momento auséntase da sesión o señor deputados D. Roberto Fernández Rico.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=18**

**19.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A EXECUTAR CON CELERIDADE E AO MESMO TEMPO OS VIADUTOS DA A-6 NO CASTRO EN AMBOS SENTIDOS.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

"Óscar Poy Franco, na súa calidade de vieceportavoz segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se

procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España con celeridade e ao mesmo tempo os viadutos da A-6 no Castro en ambos sentidos.

*Exposición de Motivos:*

A comezos deste mes de febreiro o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana iniciou os traballos de demolición do tramo do viaduto do Castro dirección Madrid da A-6 que aínda se mantiña en pé.

Iniciáronse as obras de derribo da infraestrutura, pero oito meses despois de que o viaduto da Autovía do Noroeste, sentido A Coruña, colapsara, aínda seguimos sen coñecer con exactitude as causas que provocaron unha situación que non ten precedentes na rede viaria española.

O Goberno central, pese á reiteración da petición por parte do Goberno galego, mantén a incógnita sobre o episodio ao non remitir a documentación sobre as inspeccións especiais realizadas que se comprometera a facilitar.

Unha información que é básica, non só para comprender o acontecido senón para tomar decisións que garantan que unha situación como esta non volva repetirse.

Da urxencia da execución simultánea das obras de reconstrución, por vía de emerxencia, dos dous viadutos da A-6 no Castro,  así como de dispoñer de toda a información necesaria, é boa mostra o accidente sufrido por un camión  o pasado día  17, no desvío habilitado polo Ministerio. Este percance e á constatación de que este desvío é ineficaz e non ofrece garantías de seguridade axeitadas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial de Lugo insta ao goberno de España a que





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 95/100 |

**1º-** Proceda con toda a celeridade posible a dar solución ao problema xerado tras o colapso e o peche á circulación do viaduto do Castro, na Autovía do Noroeste, unha das principais vías de entrada e saída de Galicia á Meseta.

**2º-** Inicie a reconstrución do viaduto do Castro en ambos os sentidos de xeito simultáneo, co fin de restablecer o antes posible a circulación por este punto da A-6 e así evitar que a volta á normalidade total na autovía se dilate varios anos no tempo.

**3º-** Actúe con transparencia e ofreza información continua para manter ao día aos lucenses, aos concellos afectados, á Deputación Provincial de Lugo e á Administración autonómica sobre as novidades e avances que se vaian producindo en relación aos prazos e previsión sobre a reconstrución do viaduto".

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=19**

## PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

**20.- CONTA DO INFORME ANUAL 2022 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE.**

O Pleno da Corporación queda enterado do Informe anual 2022 sobre o cumprimento en materia de morosidade.

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=20**

**21.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0337 ao 0803. O Pleno da Corporación queda enterado.

***Intervencións:***

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=21

## 22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

***Intervencións:***

http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=22

## 23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Sr. Presidente comunícase que hai un Rogo e duas Preguntas presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

### R O G O S

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo a Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, do seguinte teor:

"Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Lugo ditou o pasado 20 de marzo do ano en curso a seguinte sentenza: "Debo estimar y estimo el recurso interpuesto por DON JAVIER JORGE CASTIÑEIRA, en su calidad de Diputado Provincial de la Excma. Diputación Provincial de Lugo, frente a la DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO y declaro la nulidad, por ser contrarios a derecho, por infracción de las normas sobre la formación de la voluntad del órgano,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 97/100 |

los acuerdos de la Presidencia del Pleno de la Diputación Provincial de Lugo de 31 de mayo de 2022, por los que se declaran aprobados los puntos 7º; 10º y 11º del orden del día".

O Grupo Provincial do Partido Popular, á vista desta sentenza, entende que debe presentar a súa dimisión Maite Ferreiro, porque está convencido, dende a celebración do pleno do pasado mes de maio, de que a vicepresidenta da Deputación, que presidiu a sesión plenaria, permitiu o voto telemático da deputada nacionalista Mónica Freire aínda sabendo que incorría nunha irregularidade. A maiores, e para dar cumprimento, a dita sentenza, o Grupo Provincial do Partido Popular, solicita ao goberno provincial:

A) Que a maior brevidade posible dea cumprimento a dita sentenza e se executen os acordos recollidos na moción do Grupo Provincial do Partido Popular pola que a Deputación Provincial de Lugo constituirá un fondo para anticipos aos concellos, que permita que dispoñan de recursos para afrontar gastos e custos cando, ocasionalmente, non teñen liquidez, elaborado con criterios obxectivos e non segundo a decisión unilateral do equipo de goberno.
B) Que a maior brevidade posible dea cumprimento a sentenza e se executen os acordos recollidos na moción do Grupo Provincial do PP para crear e poñer en funcionamento unha comisión de seguemento de como se fixo a liquidación de Suplusa.
C) Que a maior brevidade posible dea cumprimento a dita sentenza e proceda a deixar sen efecto o acordo polo que no pleno da corporación provincial do 31 de maio de 2022 se aprobou a "Moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta que modifique o programa "Coidados Porta a Porta" e garanta o acceso permanente ós servizos sociais para todos os veciños e veciñas do rural lucense".

## P R E G U N T A S

**Primeira.-** Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao CAM de Cervantes, e que di o seguinte:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 98/100 |

"Óscar Poy Franco, na súa calidade de viceportavoz segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O equipo de goberno provincial, xusto uns días antes das últimas eleccións municipais que se celebraron o día 26 de maio de 2019, aprobou na sesión extraordinaria da Xunta Goberno, celebrada o 15 de maio de 2019, o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación e o Concello de Cervantes para a construción do centro de atención a persoas maiores (residencia de maiores e centro de día).

Segundo o establecido no dito convenio a achega da Deputación para a execución do mencionado centro distribuíase nas anualidades 2019, 2020, 2021 e 2022.

Posteriormente, o 30 de decembro de 2020, formalizouse a primeira addenda ao dito convenio, en virtude da que , entre outros extremos, se modificou a distribución por anualidades da dita achega pasando a ser estas 2020, 2021, 2022 e 2023.

Agora, a Presidencia da institución provincial ven de propoñer a aprobación da segunda addenda ao citado convenio coa finalidade de aprobar que a vixencia do mesmo sexa de 8 anos a contar dende a súa formalización.

Á vista de que a data de hoxe o Centro de Atención a Maiores de Cervantes segue sen existir , este grupo formula a seguinte pregunta:

Qué prazo prevé o goberno provincial para ter terminada a construción do Centro de Atención a Maiores no municipio de Cervantes?

**Segunda.-** Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á campaña de publireportaxes sobre investimentos, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 99/100 |

"Óscar Poy Franco, na súa calidade de viceportavoz segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta

Ao longo do actual mandato, e en especial, durante os últimos meses o equipo de goberno provincial desenvolve unha intensa campaña de publireportaxes sobre investimentos e outras actuacións nos concellos da provincia.

Trátase dunha campaña cun marcado carácter propagandístico. Nos publireportaxes publicados o aspecto informativo destacado polo equipo de goberno bipartito é absolutamente secundario fronte ao aspecto publicitario, de tal maneira que máis que informar aos veciños desinforman e crean confusión.

Dificilmente se pode defender o carácter institucional destes publireportaxes cando neles se deixa á marxe aos alcaldes de distinta cor política ao PSOE ou BNG.

Á vista do exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que custo tivo ata o momento no que vai de mandato e por que criterios se guía a campaña de publicación de publireportaxes sobre os investimentos e outras actuacións nos concellos da provincia por parte do Goberno da Deputación Provincial?".

***Intervencións:***

**http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230328&punto=23**

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Fecha y Hora | 12/04/2023 20:29:56 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OW37MZF62YTHT6QPBOHS7CQ | Página | 100/100 |